



TELEFÓNICA IMPÓN 5 DESPEDIMENTOS co aval das Direccións de CCOO e UGT

Telefónica sancionou co DESPEDIMENTO a 5 das 9 persoas baixo expediente polo que di que ocorreu no Distrito C o pasado día 26 de xuño e con 45 días sen emprego e soldo ás outras 4.

Tres dos DESPEDIMENTOS xa están confirmados despois de que o Presidente e o Secretario do Comité Intercentros (de CCOO e UGT respectivamente) elaborasen un escrito de alegacións no que no canto de rexeitar eses despedimentos, xustificanos; os outros 2 están pendentes dese trámite.

Con este escrito queremos saír ao paso das bastas mentiras que tanto Telefónica como os dirixentes de CCOO e UGT están difundindo para xustificar o inxustificable: as sancións a 9 traballadores e traballadoras con petición de despedimento para 5, por defender de xeito pacífico o logro dun bo Convenio.

BREVE RESUMO DOS FEITOS

O pasado día 26 de xuño realizouse o último dos 5 paros convocados por AST, CIG, COBAS, EC, ELA, ESK e LAB en defensa dun bo convenio (os 2 últimos convocounos tamén CGT). Con motivo dese paro, e do mesmo xeito que nos 4 anteriores, realizouse unha manifestación no Distrito C de Madrid, percorrendo os seus distintos edificios e terminando no que teñen as seccións sindicais estatais CCOO e UGT, coa intención de transmitirles o sentir dos e das manifestantes para que non asinasen a proposta que nese momento estaba enriba da mesa.

A empresa, nunha actitude claramente provocadora, colocara un dispositivo reforzado de 17 gardas xurados a quen dera instrucións para que non deixasen pasar a ninguén, nin sequera a representantes legais dos e das traballadoras, utilizando a forza se fose necesario (o que está expresamente prohibido na Lei de Seguridade Privada). Seguindo estas directrices nun principio non lles deixaron pasar, pero posteriormente puideron facelo acompañados do Xefe dos gardas xurado. **E nin houbo agresións a gardas, nin pisadas, nin patadas, nin nada do que acusan ás persoas con expediente.**

A demostración de que os feitos non foron como nos queren facer crer é que ata o 2 de xullo, data na que se celebrou a última reunión da Mesa negociadora do Convenio, a empresa non manifestou ningún tipo de queixa ao Comité de Madrid, convocador da manifestación.

EMPEZAN A CREAR A MONTAXE

Nesa reunión do 2 de xullo empeza a crearse a gran montaxe: o Sr. Vesperinas, Secretario Xeral de CCOO, dedica toda a súa intervención a esaxerar ata extremos increíbles os feitos, acusando aos e ás manifestantes de violentos e á empresa de pasividade por non facer nada, e pedindo claramente que interveña en contra de determinados sindicatos.

O día 10 de xullo a empresa envía os pregos de cargo con faltas moi graves a 9 traballadores, todos eles delegados do Comité de Madrid.

Os sindicatos maioritarios, fundamentalmente CCOO, no canto de rexeitar estes expedientes, dedícanse a intoxicar e a crear confusión entre o persoal mediante varios correos masivos nos que unha e outra vez acusan aos convocadores de violentos, a pesar de que eles mesmos recoñecen no seu comunicado **VERDADES E MENTIRAS SOBRE O CONVENIO (2)** que non teñen probas diso ao escribir textualmente: “*Máis aló da vosa intención e a nosa opinión, nin somos xuíces nin temos probas. Se alguén as ten e alguén as xulga, non é o noso papel. No entanto, se tan claro foi e limitouse a unha visita e petición de vernos, non tedes nada que temer e todo se aclarará*”.

Como se pode condenar algo do que non se teñen probas? Que accións violentas cometeron Teresa, Álvaro, Porfirio, Jou ou Jakobe?

PREGOS DE DESCARGO

Cando a Empresa impón unha sanción, por Lei, ten que facilitar copia do prego de cargos (do que se acusa) ao Comité de Empresa da provincia da persoa sancionada e ao seu Sindicato se a persoa está afiliada. Estes poden facer un informe chamado “prego de descargo” coa finalidade de contrarrestar as acusacións da empresa. Neste caso tanto os sindicatos das persoas despedidas como o Comité Provincial de Madrid (cos votos de todos os sindicatos -CCOO e STC de Madrid incluído- excepto UGT) negaron todas as acusacións feitas pola Empresa e solicitaron a retirada de todas as sancións.

Posteriormente cando a empresa impón a sanción de despedimento comúncallo ao Comité Intercentros para que este faga as alegacións que crea oportunas. Como o seu propio nome indica, un escrito de alegacións é para expor razóns contrarias ás da empresa e de feito o C.I. ten por costume asumir o prego de descargos do Comité Provincial, neste caso do de Madrid. Pero nesta ocasión, e por primeira vez, non o fixo. Nin sequera quixo ter unha reunión extraordinaria para tratar o tema, nin escoitar á e aos despedidos. **O Presidente e o Secretario dese Comité Intercentros (de CCOO e UGT respectivamente), sen contar co resto do C.I., fixeron eles sós un escrito de alegacións que parece un prego de cargos como o feito pola empresa, xa que, no canto de defender á traballadora e traballadores, deu a razón á Empresa acusando eles tamén ás persoas despedidas de violentas e xustificando, xa que logo, os seus despedimentos.**

CONCLUSIÓNS

Evidentemente a empresa é quen despide e ela é a principal responsable das sancións impostas. Pero se a actuación de Telefónica nos indigna, a das direccións de CCOO e UGT indígnanos do mesmo xeito. Foron eles os que faláron de violencia por primeira vez e os que pediron á Empresa que actuase; e Telefónica, sen pensalo dúas veces, aproveitou a ocasión para “librarse” dalgunhas persoas que lle son incómodas chegando a impor o despedimento a 5 delas. Pero nin o saber que unha compañeira e dous compañeiros están a data de hoxe **NA RÚA** e dous compañeiros máis o estarán de inmediato, lles fixo dar un paso atrás; ao contrario, aproveitaron o escrito de alegacións do Comité Intercentros para seguir alimentando a manipulación, continuando coa andrómene de acusar de violentas ás persoas despedidas.

NON PODEMOS DEIXALAS NA ESTACADA. Os sindicatos que asinamos este escrito estamos planificando accións de denuncia destas sancións (un calendario de paros incluído) e de solidariedade coa e cos compañeiros sancionados e despedidos. Mentres se concretan estas accións, cada un de nos debemos presionar da forma que podamos para que se retiren estas sancións. Pedimos a todo o persoal, especialmente a afiliación de CCOO e UGT, que esixan aos seus Sindicatos que se coloquen onde todo Sindicato debe estar: **XUNTO ÁS E AOS TRABALLADORES**, non xunto á Empresa axudando a despedir.

As traballadoras e traballadores, e o resto de Sindicatos temos que frear esta tolemia. Non podemos permitir ningunha sanción para unha compañeira e uns compañeiros que só fixeron o que fixemos unha gran parte do persoal: loitar por un bo Convenio.

XA ABONDA DE MENTIRAS!!

NIN UNHA SOA SANCIÓN SEN RESPSTA

